
RAIGAME 2024

A. NORMAS DE INSCRIPCIÓN E CRITERIOS DE SELECCIÓN

- 1) A Romaría Etnográfica Raigame, que pretende promocionar a cultura tradicional galega centrando os seus esforzos na divulgación da música, o folclore e os oficios e artesanías tradicionais primando o seu aspecto pedagóxico e cultural, ABRE O PRAZO DE INSCRIPCIÓN para a edición de 2024 co seguinte calendario:
 - a. **Do 20 de febreiro ó 17 de marzo**, ambos incluídos, recepción de inscricións no rexistro do Concello de Celanova.
 - b. **Do 18 ó 22 de marzo**, comunicación aos interesados da aceptación ou non da súa solicitude por parte da Organización, así como do lugar onde serán instalados en Vilanova.
 - c. **Do 25 de ó 31 de marzo**, confirmación por parte dos interesados do seu interese por asistir á Romaría Etnográfica Raigame.
- 2) Pechado o prazo de inscrición, a Organización realizará unha distribución dos espazos e unha asignación de local ou espazo para cada solicitante. Este espazo será acondicionado dun xeito acorde cos obxectivos da romaría en función das seguintes pautas:
 - a. Interior do burgo medieval:
 1. Oficios tradicionais cuxos responsables realizan durante o día traballos demostrativos da súa actividade e teñen unha participación activa de cara ó visitante ó longo de toda a xornada
 2. Establecementos dedicados ó servizo de expedición de produtos gastronómicos e bebidas tradicionais, que estarán situados en locais cedidos ó Concello polos veciños e asignados pola organización
 - b. Exterior do burgo medieval:
 1. Artesáns de bixería, coiro, vidro, madeira, tecidos, etc., dedicados á exposición e venda dos seus produtos. **Haberá 28 postos de madeira de 3.00 m x 1.50 m facilitados pola organización e instalados na estrada de acceso a Vilanova** para dar servizo unificado a esta demanda
 2. Establecementos dedicados ó servizo de expedición e venda de produtos vexetais, gastronómicos e bebidas con posto propio que serán instalados na estrada de Vilanova a Santa María.
- 3) Entre todas as solicitudes presentadas, a Organización realizará unha selección dos oficios/artesáns participantes tendo en conta as anteriores pautas de distribución e os seguintes criterios de valoración:
 - a. Interior do burgo medieval:
 1. Oficios tradicionais que desenvolvan a actividade ó longo da xornada (ata un máximo de 15 puntos):
 1. Orde de entrada no Rexistro do Concello de Celanova
 - a. 1 a 4 puntos (por orde inversa da semana de inscrición)

2. Execución práctica do traballo e demostración efectiva do oficio ó longo da xornada, organización de obradoiros prácticos, etc.:
 - a. 1 a 3 puntos
3. Singularidade do oficio ou artesanía respecto dos oficios ou artesanías presentes noutras edicións:
 - a. 1 a 3 puntos
4. Relación cos oficios tradicionais galegos e interese obxectivo da actividade para a mellora estética da Romaría Etnográfica Raigame:
 - a. 1 a 5 puntos

2. Establecementos de produtos gastronómicos ou bebidas tradicionais (ata un máximo de 15 puntos):

1. Preferencia segundo o lugar de empadramento
 - a. Vilanova dos Infantes 5 puntos
 - b. Concello de Celanova 3 puntos
 - c. Comarca de Celanova 2 puntos
 - d. Outros 1 punto
2. Orde de entrada no Rexistro do Concello de Celanova:
 - a. 1 a 4 puntos (por orde inversa da semana de inscrición)
3. Adecuación dos produtos postos á venda ó ambiente propio dunha romaría tradicional:
 - a. 1 a 3 puntos
4. Ambientación do negocio e das persoas que se encargarán da súa atención no transcurso da Romaría:
 - a. 1 a 3 puntos

b. Exterior do burgo medieval:

1. Artesáns de coiro, vidro, madeira, tecidos e semellantes que serán instalados nalgún dos **28 postos de madeira** instalados na estrada de acceso (ata un máximo de 10 puntos):

1. Orde de entrada no Rexistro do Concello de Celanova:
 - a. 1 a 4 puntos (por orde inversa da semana de inscrición)
2. Singularidade do oficio ou artesanía respecto dos oficios ou artesanías presentes noutras edicións:
 - a. 1 a 3 puntos
3. Relación cos oficios tradicionais galegos e interese obxectivo da actividade para a mellora estética da Romaría Etnográfica Raigame:
 - a. 1 a 3 puntos

2. Establecementos dedicados á expedición e venda de produtos gastronómicos e bebidas con posto propio (ata un máximo de 10 puntos):

1. Orde de entrada no Rexistro do Concello de Celanova:
 - a. 1 a 4 puntos (por orde inversa da semana de inscrición)

2. Adecuación dos produtos postos á venda ó ambiente propio dunha romaría tradicional:
 - a. 1 a 3 puntos
 3. Ambientación do negocio e das persoas que se encargarán da súa atención no transcurso da Romaría:
 - a. 1 a 3 puntos
- 4) As solicitudes deberán presentarse a través da sede electrónica do Concello de Celanova (<https://celanova.sedelectronica.es/info.4>) cubrindo unha instancia xeral na que se indicará como referencia o epígrafe “Raigame 2024” e achegando, ademais, os seguintes datos:
 - a. Nome comercial (será o utilizado no material publicitario da Romaría)
 - b. Tipo de oficio/artesanía ¹
 - c. Persoa de contacto
 - d. Teléfono de contacto
 - e. Correo electrónico de contacto
 - f. Descrición detallada da actividade que pretende desenvolver durante a xornada, respondendo ós criterios especificados para cada caso no punto anterior
 - g. Informar se conta ou non con local da súa propiedade en Vilanova
 - h. Información gráfica destinada a facilitar a valoración anteriormente descrita
 - i. Declaración responsable

A falsidade ou omisión de información marcada como obrigatoria na solicitude poderá derivar na non admisión como participante na Romaría Etnográfica Raigame. A confirmación de participación na Romaría implica a aceptación dos principios organizativos da mesma e que se manifestan nestas normas.

B. COMPROMISO DE PARTICIPACIÓN DOS SOLICITANTES

Unha vez rematado o procedemento de selección, aquelas solicitudes seleccionadas deberán asinar un compromiso de participación regulamentado polas seguintes bases:

1. A preinscrición non outorga a autorización directa para a participación na Romaría en canto a organización non comunique tal decisión indicando o lugar de instalación asignado ó solicitante.
2. Aquelas solicitudes non elixidas inicialmente quedarán inscritas nun listado de reserva.
3. As solicitudes seleccionadas contarán cun local ou espazo exterior, segundo o a actividade que desenvolven.
4. No caso dos oficios instalados dentro do burgo medieval, os responsables comprométese a montar un pequeno posto de traballo e realizar demostracións prácticas da súa actividade ó longo da xornada.
5. O artesán, persoal de oficios ou responsable do posto de produtos vexetais, gastronómicos ou bebidas tradicionais participante, comprométese a instalar o seu espazo nunhas condicións de máximo atractivo coa actividade á que se dedique, co fin de incrementar o atractivo xeral da Romaría.

¹ Alimentación (produtos tradicionais); Bixutería; Canteiro; Carpinteiro; Cesteiro; Ceramista, Coiro; Ebanista; Ferreiro; Gastronomía; Luthier; Oleiro; Panadeiro; Queixeiro; Taberna; Telleiro; Tecedeira; Téxtil; Torneiro; Zapateiro-Zoqueiro; Libreiro, etc.

6. O artesán comprométese a ataviarse, tanto el coma os que colaboren con el na actividade, con vestimentas propias do oficio ou semellantes, correspondente ó tempo en que se celebraban este tipo de Romarías tradicionais.
7. Os postos estarán abertos a partir das 11,00 ata as 19:00 horas, quedando a decisión do participante a potestade de mantelo aberto durante o horario do xantar, establecido entre as 14,00 h e as 16,00 h. Os establecementos dedicados ó servizo de expedición de produtos gastronómicos e bebidas tradicionais poderán permanecer abertos ata as 21,00 horas improrrogables.
8. Co fin de facilitar a instalación de tódolos postos no interior do burgo medieval e o traslado dos produtos ata estes postos, dende primeira hora da mañá e ata as 9,30 os vehículos poderán acceder ó interior do burgo, non podendo permanecer ningún vehículo no interior ata as 19,00 horas, que será cando se volva abrir o tráfico para proceder a desmontar os postos.
9. O artesán responsabilizarase dos danos que puidera causar no baixo ou espazo exterior cedido pola organización cando estes sexan causados con dolo, culpa ou negligencia imputable ó artesán/participante.
10. Os responsables dos postos gastronómicos e de bebidas tradicionais comprométese a manter, o espazo próximo ao seu posto, limpo do lixo xerado polos seus clientes (botellas, vasos, papeis, etc.).
11. A organización farase responsable de todos aqueles danos que non estean contemplados nas cláusulas anteriores a través dun Seguro de Responsabilidade Civil e Danos subscrito ó efecto.
12. No caso de incumprimento dalgunha das cláusulas anteriores por parte dos artesáns/participantes, a organización poderá excluílos de participación nas edicións futuras.
13. A organización remitirá a cada participante unha copia das bases e da aceptación da súa inscrición previa para que a teña nun lugar visible durante a celebración da Romaría.
14. Os asistentes acceden a dar o seu permiso para poder ser recollido en imaxes, tanto fotográficas como de vídeo ou TV, durante a celebración da Romaría.
15. De acordo ao establecido na Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, toma coñecemento de que os datos de carácter persoal facilitados serán incorporados a un ficheiro denominado "Raigame" que se atopa inscrito na Axencia Española de Protección de Datos e que é titularidade do Concello de Celanova.
16. A sinatura do compromiso de participación na Romaría implica a ACEPTACIÓN DESTAS BASES e a sinatura da declaración responsable que se xunta como anexo

Celanova, 19 de febreiro de 2024

Asdo.: _____

ANEXO

ROMARÍA ETNOGRÁFICA RAIGAME 2024

DECLARACIÓN RESPONSABLE

_____, co DNI _____
e
domicilio en _____
solicitante dun posto de _____

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:

Que me considero habilitado e non teño ningún tipo de inconveniente laboral, fiscal, de seguridade respecto da actividade á que me dedico para poder participar no lugar que me sexa asignado, na romaría etnográfica RAIGAME que terá lugar o próximo 17 de maio en Vilanova dos Infantes.

E para que así conste e xere os efectos oportunos, asino a presente declaración en

En _____, a _____ de marzo de 2024

Asdo.: